



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Traballo fin de grao	Código	620G01041	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EconomíaEducación Física e Deportiva			
Coordinación	Sierra Palmeiro, Elena	Correo electrónico	elena.sierra@udc.es	
Profesorado	Agullo Leal, Fernando Alsina Santasusana, Maria del Carmen Arda Suarez, Antonio Arias Rodríguez, Pablo Arriaza Loureda, Rafael Barral Lavandeira, Jose R. Blanco Pereira, Eduardo Bobo Arce, Marta Carrera Lopez, Celso Carlos Castillo Obeso, Maria del Dopico Calvo, Xurxo Gambau i Pinasa, Vicente Giraldez Garcia, Manuel Avelino Gomez Varela, Joaquin Gonzalez Valeiro, Miguel Angel Iglesias Soler, Eliseo López Villar, Cristina Martin Acero, Rafael Montero Seoane, Antonio Morenilla Burlo, Luis Mosquera Gonzalez, Maria Jose Pombo Fernandez, Manuel Jose Saavedra Garcia, Miguel angel Sanchez Molina, Jose Andres Sierra Palmeiro, Elena Toja Reboredo, Maria Belen Torres Tobio, Gabriel Tuimil Lopez, Jose Luis Valverde Romera, Joaquina Vazquez Lazo, Juan Carlos	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es m.alsina@udc.es antonio.arda@udc.es pablo.arias.rodriquez@udc.es rafael.arriaza@udc.es j.r.barral@udc.es eduardo.blanco.pereira@udc.es marta.bobo@udc.es celso.carrera@udc.es maria.castillo@udc.es xurxo.dopico@udc.es vicente.gambau@udc.es manuel.avelino.giraldez.garcia@udc.es joaquin.gomez.varela@udc.es miguel.gonzalez.valeiro@udc.es eliseo.iglesias.soler@udc.es cristina.lopezv@udc.es rafael.martin@udc.es antonio.montero.seoane@udc.es luis.morenilla@udc.es maria.jose.mosquera@udc.es manuel.pombo@udc.es miguel.saavedra@udc.es jose.andres.sanchez.molina@udc.es elena.sierra@udc.es belen.toja@udc.es gabriel.torres@udc.es jose.luis.tuimil@udc.es joaquina.valverde@udc.es juan.lazo@udc.es	
Web				



Descrición xeral	<p>Realización dun traballo orientado á avaliación das competencias adquiridas no Grao.</p> <p>O programa desenvolvido da materia atópase na plataforma Moodle e na web da Facultade</p> <p>As seguintes directrices son de aplicación aos Traballos de Fin de Grao (en diante, TFG) correspondentes ao Título de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (UDC).</p> <p>O TFG é unha materia de 6 créditos ECTS, de carácter obrigatorio, do segundo cuadrimestre de cuarto curso do vixente plano de estudos.</p> <p>O TFG consistirá na elaboración dunha planificación/programación/proxecto de intervención, o mais real posible, e preferentemente vinculado coas prácticas externas do alumnado (Prácticum).</p> <p>O TFG non é un traballo de investigación, salvo que o profesorado e o alumnado implicado desexen dar continuidade ao deseño de investigación presentado no proxecto de investigación do Prácticum, e que se corresponda con algunha temática presente nas Unidades de Competencia ofertadas. Consecuentemente, no suposto dunha investigación aplicada, poderá autorizarse pola Comisión do TFG (comisión constituída na Xunta de Facultade) a elaboración do TFG baixo este formato.</p> <p>O TFG terá en conta os aspectos éticos e os dereitos fundamentais, de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e os principios de igualdade de oportunidades e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e os valores propios dunha cultura da paz e de valores democráticos</p>
-------------------------	--

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
---------------	--

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender as posibles aplicacións do método científico aos diversos ámbitos das ciencias da actividade física e do deporte: deseño metodolóxico, rexistros, bases de datos e análise estatística.	A35 A36	B2 B4 B7 B9 B10 B12 B13	C1 C2 C3 C4 C6 C8
Comprender problemas substanciais das ciencias da actividade física e o deporte e propor hipótese para deseñar a estratexia empírica para a súa demostración teórica, que levaría á mellor resolución dos problemas identificados.	A1 A2 A3 A4 A35 A36	B1 B2 B7 B9 B10 B11 B13	C1 C2 C3 C5 C6 C8
Saber interpretar e utilizar a terminoloxía específica en lingua inglesa relacionada coa tecnoloxía, a información e a estatística aplicada á actividade física e o deporte: táboas de datos, gráficas, diagramas, procedementos, protocolos...	A35 A36	B1 B7 B9 B10 B13	C2 C3 C8



Dotar ao alumno de mecanismos de control sobre a calidade da súa intervención profesiona	A12	B1	C1
	A19	B3	C6
	A34	B4	C7
		B6	C8
		B8	
		B9	
Coñecer e aplicar as novas tecnoloxías de obtención de rexistros e de procesamento da información e da imaxe á actividade física e ao deporte: formular proxectos que integren as diversas operacións	A35	B10	C3
	A36	B13	C6
			C8
Aplicar a situacións profesionais reais que fagan conscientes ao alumno dos seus puntos fortes e débiles para recoñecer e mellorar as súas propias aptitudes, actitudes e competencias persoais así como reorganizar marcos de referencia que lle sirvan para entender mellor os conceptos e contidos estudados durante a carreira	A5	B3	C4
	A6	B4	C5
	A7	B5	C7
	A8	B6	
	A9	B7	
	A10	B8	
	A11	B11	
	A12	B12	
	A13	B14	
	A14	B15	
	A15	B16	
	A16	B17	
	A17	B18	
	A18	B19	
	A19	B20	
	A20		
	A21		
	A22		
	A23		
	A24		
A25			
A26			
A27			
A28			
A29			
A30			
A31			
A32			
A33			

Contidos	
Temas	Subtemas



Fase FORMATIVA/INFORMATIVA	<p>Constará, como mínimo, de 4 sesións ao longo do 1º cuadrimestre, nas etapas que se determinan a continuación, e cuxas datas determinaranse na Guía Docente:</p> <ul style="list-style-type: none">- Setembro: Presentación da Guía Docente e Normativa do TFG, na que explicarán con detalle todos os apartados do mesmo. A partir desta presentación, abrírase o período de solicitude de asignación das Unidades de Competencia.- Outubro: Presentación da distribución do alumnado na Unidade de Competencia e taller sobre búsqueda e recollida de información.- Novembro: Primeira reunión co Profesor responsable de cada Unidade de Competencia para organizar o traballo do 2º cuadrimestre.- Decembro: Taller sobre escritura (exercicios de parafraseo), referencias bibliográficas e normas APA/Vancouver. <p>Será imprescindible completar esta fase para poder realizar as seguintes</p>
ASISTENCIA ÁS UNIDADES DE COMPETENCIA	<p>A oferta das mesmas poderá modificarse e axustarse en cada curso académico, para poder adaptala aos intereses do alumnado.</p> <p>Cada Unidade de Competencia terá un carácter presencial de seis sesións de 1,5 horas no 2º cuadrimestre (establecidas no horario oficial do curso). A asistencia será obrigatoria, polo menos, a 4 das sesións programadas.</p> <p>As sesións das Unidades de Competencia serán impartidas ao longo do 2º cuadrimestre. Cada Unidade de Competencia terá entre 15 e 10 alumnas/os e un mínimo de 8 (salvo excepcións autorizadas polo Decanato).</p> <p>Este carácter presencial deberá garantir a adquisición dos seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none">-- Definir e especificar o título do TFG do/da estudante.- Comprender cada unha das partes nas que se estrutura o TFG e recoñecer aquelas especificidades en relación co tema do mesmo.- Elaborar o TFG seguindo a temporalización e organización prevista.- Solucionar dificultades comúns aos TFG, mediante solucións compartidas.- Ensañar as presentacións orais (ou defensas simuladas) se a situación o require
SÍNTESE VALORATIVA	<p>Elaborar unha síntese valorativa das competencias adquiridas necesitadas (educación formal, non formal e informal) para a realización do TFG:</p> <ol style="list-style-type: none">a. a forma e momento en que foi adquirindo as competencias do graob. a relación entre as competencias adquiridas e as necesidades formativas que considera ter despois deste traballo
TRABALLO DE REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA E PROXECTO DE INTERVENCIÓN	<p>O alumno deberá entregar o impreso de solicitude de asignación tema e de supervisor (Anexo I) na data establecida no programa (apartado de Desenvolvemento e Avaliación) e nel debe figurar o título do tema seleccionado.</p> <p>O Traballo a desenvolverr integrará os seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none">1ª Desenvolvemento dunha revisión bibliográfica comentada sobre un tema concreto que pode ou non estar relacionada co Practicum realizado.2º.- Desenvolvemento dun proxecto de intervención que inclúa criterios de avaliación da eficacia do mesmo. <p>So en casos debidamente autorizados Desenvolvemento dunha investigación que debe estar relacionada co Practicum realizado.</p>



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A8 A14 A16 A18 A20 A21 A24 B9 B10 B11 B13 B16 C1 C2 C3	15	30	45
Análise de fontes documentais	A4 A5 A6 A11 A35 A36 B1 B2 B4 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B16 B18 B19 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	5	30	35
Traballos tutelados	A2 A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 A36 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B20 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	55	65
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



<p>Sesión maxistral</p>	<p>1. FASE FORMATIVA/INFORMATIVA</p> <p>Constará, como mínimo, de 4 sesións ao longo do 1º cuadrimestre, nas etapas que se determinan a continuación, e cuxas datas determinaranse na Guía Docente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Setembro: Presentación da Guía Docente e Normativa do TFG, na que explicarán con detalle todos os apartados do mesmo. A partir desta presentación, abrírase o período de solicitude de asignación das Unidades de Competencia. - Outubro: Presentación da distribución do alumnado na Unidade de Competencia e taller sobre búsqueda e recollida de información. - Novembro: Primeira reunión co PDI de cada Unidade de Competencia para organizar o traballo do 2º cuadrimestre. - Decembro: Taller sobre escritura (exercicios de parafraseo), referencias bibliográficas e normas APA/Vancouver. <p>Será imprescindible completar esta fase para poder realizar as seguintes.</p> <p>2. ASISTENCIA ÁS UNIDADES DE COMPETENCIA</p> <p>A oferta das mesmas poderá modificarse e axustarse en cada curso académico, para poder adaptala aos intereses do alumnado.</p> <p>Cada Unidade de Competencia terá un carácter presencial de seis sesións de 1,5 horas no 2º cuadrimestre (establecidas no horario oficial do curso) e será impartida polo Director da mesma. A asistencia será obrigatoria, polo menos, a 4 das sesións programadas.</p> <p>As sesións das Unidades de Competencia serán impartidas ao longo do 2º cuadrimestre. Cada Unidade de Competencia terá un máximo de 15-20 alumnas/os e un mínimo de 8 (salvo excepcións autorizadas polo Decanato).</p>
<p>Análise de fontes documentais</p>	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>
<p>Traballos tutelados</p>	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Análise de fontes documentais</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>Para a realización do traballo fin de grao, o alumno contará cun profesor da Facultad de Ciencias do Deporte e a Educación Física que exercerá tarefas de orientación e dirección do TFG. Este profesor, sempre que sexa posible, coincidirá co profesor supervisor do alumno durante o Practicum.</p> <p>ASISTENCIA A TITORÍAS</p> <p>O profesorado ten asignadas 6 horas semanais de titoría para atención do alumnado en horario oficial establecido. O alumnado de TFG poderá usar dito horario para o seguimento do seu TFG, sempre que avise con antelación, ao obxecto da preparación de dita titoría. O profesorado poderá convocar titorías individuais ou titorías colectivas de TFG, a celebrar en lugar e horario distintos, sempre por acordo entre as partes</p>

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 A36 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B20 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Consultar apartado de observaciones donde se desenvolve todo o proceso de avaliación	100
Sesión maxistral	A8 A14 A16 A18 A20 A21 A24 B9 B10 B11 B13 B16 C1 C2 C3	Será imprescindible aistir as sesións maxistrais das fases INFORMATIVA e FORMATIVA para poder realizar o TFG. Cada área tendrá una presencialidad de seis sesiones de 1,5 horas en el 2º cuatrimestre (establecidas no horario oficial del curso). A asistencia será obligatoria a 4 das sesións programadas como mínimo.	0

Observacións avaliación



O regulamento completo do TFG debe consultarse xa que completa a información establecida nesta guía, a tópanse en MOODLE e na web da Facultade. O alumnado implicado deberá entregar ao profesor/a da Unidade de Competencia, nas datas establecidas a tal efecto, os seguintes documentos: - Título definitivo do TFG nos idiomas galego, castelán e inglés. - TFG finalizado conforme ao estipulado na Normativa, en canto a forma e contido. O/a profesor/a da Unidade de Competencia e, no seu caso, de acordo co/a co-director/a, avaliará inicialmente os TFGs dos seus estudantes, conforme ao disposto no apartado de avaliación.

FORMATO DE PRESENTACIÓN

O/a estudante presentará un documento escrito en calquera idioma oficial da UDC (excepcionalmente admitirase en inglés, francés ou portugués, previa autorización da comisión TFG e xustificado con anterioridade polo profesorado responsable da Unidade de Competencia), cunha extensión máxima de 75 páxinas (incluída bibliografía e táboas), salvo excepcións autorizadas pola comisión do TFG, escrito nun linguaxe académico correcto e atendendo á estrutura indicada na presente normativa. O/a estudante entregará unha copia en formato dixital (nun único arquivo en pdf) ao/a profesor/a da Unidade de Competencia, e outra copia idéntica na Secretaría Académica da Facultade (Edificio de Aulas). Así mesmo enviará unha copia ao correo electrónico tfg.inef@udc.es nos prazos establecidos.

AVALIACIÓN DO TFG

Os requisitos para obter unha avaliación positiva no TFG serán os seguintes:

1. Asistencia ás clases presenciais da Unidade de Competencia asignada (cando menos a 4 sesións das programadas no segundo cuadrimestre) e ás correspondentes da fase formativa/informativa (primeiro cuadrimestre).
2. Entrega do TFG ao profesor/a da Unidade de Competencia asignado, de acordo coa estrutura e datas establecidas na Guía Docente.
3. Obter unha valoración mínima de Apto (5 puntos) outorgada polo/a profesor/a da Unidade de Competencia (e o/a co-director/a, se fora o caso). O profesorado responsable de cada unidade será o encargado de programar o proceso de elaboración do TFG do grupo e da súa avaliación. Se a cualificación final outorgada a un TFG fose igual ou inferior a 8, esta constituirá a nota definitiva de avaliación do mesmo, prescindíndose da súa defensa pública. Se o profesor/a responsable da unidade de competencia considera que a cualificación debe ser superior a 8, propondrá a defensa pública para subir a cualificación, sempre co acordo do alumno/a implicado. Esta defensa realizarase ante unha Comisión de Avaliación do TFG, constituída a tal efecto, entre o profesorado de outras Unidades de Competencia. Sexa cal sexa o caso, o profesorado de cada Unidade de Competencia deberá cubrir, para cada alumna/o, a Rúbrica de avaliación elaborada a tal efecto e que se incluírá na Guía Docente da materia. Aquel alumnado que non estea de acordo coa cualificación outorgada polo profesorado responsable, estará suxeito ao establecido nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado universitario (CG 19/12/2013, modificado polo CG 30/04/2014, polo CG 24/07/2014, polo CG 29/01/2015 e polo CG 28/09/2016) da UDC. A Comisión de Avaliación estará constituída por tres membros do PDI da Facultade que nese momento se atopen dirixindo ou co-dirixindo outros TFG. O profesor/a da Unidade de Competencia e, no seu caso, o co-director/a, non poderán formar parte da Comisión Avaliadora do seu alumnado do TFG. Cando se realice a defensa pública, o proceso de presentación non deberá exceder dos 20 minutos. Neste caso, o profesor/a da Unidade de Competencia aportará un valor do 80%, e a comisión o restante 20%. A comisión deberá axustarse á Rúbrica de avaliación que se presenta no Anexo VI. En todos os casos garántase a cualificación outorgada polo profesor/a da Unidade de Competencia como nota mínima do alumno/a tras a defensa. Tras esta segunda fase do proceso de avaliación, o alumnado que non estea de acordo coa cualificación outorgada pola comisión avaliadora, estará suxeito ao establecido nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado universitario (CG 19/12/2013, modificado polo CG 30/04/2014, polo CG 24/07/2014, polo CG 29/01/2015 e polo CG 28/09/2016) da UDC. O/a estudante que non teña superado o TFG, e aos efectos de presentarse en futuras oportunidades e/ou convocatorias, será de aplicación o seguinte:

- Se non cumpre co requisito de asistencia á Unidade de Competencia, non poderá presentar o TFG e terá que volver a solicitar a asignación a unha das unidades para o seguinte curso académico.
- Se cumpre o requisito de asistencia e a cualificación do TFG é inferior aos 5 puntos poderá presentarse na seguinte oportunidade ou no vindeiro curso, considerándose cumprido o requisito de asistencia, sempre que o TFG sexa no mesmo tema correspondente á Unidade de Competencia asignada.

Fontes de información

Bibliografía básica	A bibliografía será a correspondente as materias cursadas ao longo do grao
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

O DESENVOLVEMENTO DA INFORMACION DESTA GUIA ENCONTRASE PUBLICADA A TRAVES DE MOODLE E DA WEB DA FACULDADE. SE ALGUÉN TEÑEN PROBLEMA DE ACCESO DEBE SOLICITALA AO RESPONSABLE DA MATERIA (elena.sierra@udc.es). É IMPRESCINDIBLE O COÑECEMENTO DESTA PARA CUMPRIR O REQUIRIDO E PODER PRESENTAR E SUPERAR O TRABALLO FIN DE GRAO

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías